

Actualizado a 03/03/2026

CIRCUÍTO GALEGO DE MARCHA ATLÉTICA 2026

Xornada A Estrada

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 7 de marzo en A Estrada, unha xornada do Circuíto Galego de Marcha Atlética 2026.

Art.2).- Poderán intervenir atletas con licenza en vigor pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 2 de marzo.

- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 23:59 horas do mércores 4 de marzo e serán remitidas a competicion@atletismo.gal

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar os dorsais outorgados pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6).- Cámara de chamadas.

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma e deberán saír á zona de competición coa camiseta e os dorsais postos.
- Peche da cámara de chamadas → 10' antes da proba.

Art.7).- Distancias e horario (actualizado)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO
16:10	16:20	16:25	16:30	1000	Sub 10	H-M
16:25	16:35	16:40	16:45	2000	Sub 12	M
16:45	16:55	17:00	17:05	2000	Sub 12-14	H
17:05	17:15	17:20	17:25	2000	Sub 14	M
17:40	17:50	17:55	18:00	3000	Sub 16	H-M
18:10	18:20	18:25	18:30	5000	Absoluta	H
19:00	19:10	19:15	19:20	5000	Absoluta	M

Actualizado a 03/03/2026

Art.8).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a competicion@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 do mércores previo ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.9).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.